

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 25 DE MAIO DE 2026,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

**ACORDOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Festa da Ameixa de Campelo, en Poio.
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Noite Meiga de Sarria.
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Romaría de Santa Minia, en Brión.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscientos noventa e cinco mil douscentos noventa e seis euros (695.296,00 €) e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao alumnado do Centro de Educación Especial Pontevedra en Pontevedra, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezaoito mil novecentos sesenta e sete euros con sesenta e oito céntimos (18.967,68 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines, Amencer-Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade en tres centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de trinta e catro mil oitocentos cincuenta e nove euros con cincuenta e dous céntimos (34.859,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e AMICOS, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de quince mil trescentos setenta e nove euros con vinte céntimos (15.379,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de trece mil trescentos vinte e oito euros con sesenta e catro céntimos (13.328,64 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dezaoitto mil catrocentos cincuenta e cinco euros con catro céntimos (18.455,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de sesenta e dous mil cento setenta e oito euros con noventa e seis céntimos (62.178,96 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de once mil douscentos setenta e oito euros con oito céntimos (11.278,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de trinta e oito mil catrocentos corenta e oito euros (38.448,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades, Formación Profesional e o Centro Juan María-Asociación Esperanza Valle Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte mil cincocentos cinco euros con sesenta céntimos (20.505,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil cincocentos trinta euros con oitenta e oito céntimos (21.530,88 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de oito mil douscentos dous euros con vinte e catro céntimos (8.202,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva e do subprograma Ramón y Cajal, (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade de 2024), por importe dun millón douscentos trinta mil euros (1.230.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan para o impulso da atención á diversidade de Galicia.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para a atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores de idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar e para o mantemento dunha quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, na Comunidade Autónoma de Galicia. Importe: catrocentos sesenta mil euros (460.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a eximir da obriga de constituír garantías nos pagamentos anticipados derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de Industria Dual destinadas a apoiar a cadea industrial galega no proceso de produción de bens e servizos tecnolóxicos de uso dual destinados aos ámbitos da Seguridade, Defensa e Aeroespazo, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se convocan para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería e Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante un acordo marco cun único adxudicatario, do servizo de soporte e mantemento integral, así como a subministración e instalación de equipamento e sistemas asociados á rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia por un valor estimado de nove millóns trescentos setenta mil cincocentos noventa e catro euros con noventa e cinco céntimos (9.370.594,95 €).
- Acordo polo que se aproba o "IV Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2028".

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Eixo de mobilidade sostible Vigo-Nigrán na PO-325", clave: PO/22/211.06, cun orzamento base de licitación de cinco millóns trescentos vinte e catro mil douscentos corenta e cinco euros con noventa céntimos (5.324.245,90 €) e un valor estimado de catro millóns catrocentos mil douscentos tres euros con vinte e dous céntimos (4.400.203,22 €).
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na AC-550. Outes", de clave AC/25/086.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón trescentos mil trescentos seis euros con sesenta céntimos (1.300.306,60 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo á licitación das obras de construción dun edificio para 26 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela M-IIIB-14 do Plan Parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun presuposto de licitación de cinco millóns cincocentos setenta e seis mil trescentos corenta euros (5.576.340,00 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns sesenta e nove mil catrocentos euros (5.069.400,00 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de construción de 3 vivendas de promoción pública (VPP) nos bloques 1 e 3 da parcela 13 de Valdecovos (Pontevedra), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de trescentos cincuenta e un mil seiscentos corenta euros con vinte e catro céntimos (351.640,24 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e PuntoGal para a monitorización das buscas en galego na rede, por importe de sesenta e catro mil euros (64.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para instrumentar unha subvención destinada ao desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Laboral de la Construcción, para a realización dun programa experiencial de formación e emprego nas familias profesionais de Edificación e obra civil e Industrias extractivas, por un importe total de un millón oitocentos noventa mil douscentos oito euros (1.890.208,00 €), así como, á concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido na normativa de subvencións de Galicia.

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores de Muros para a o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe total de trescentos cincuenta e dous mil catrocentos tres euros con dez céntimos (352.403,10 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán para a o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe total de douscentos seis mil catrocentos setenta e nove euros con setenta e un céntimos (206.479,71 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación do "Servizo de vixilancia integral e control de accesos nas instalacións portuarias dependentes de Portos de Galicia suxeitas á aplicación do Código Internacional para a protección dos buques e das instalacións portuarias (código PBIP)-2026", cun orzamento base de licitación de catro millóns cincocentos oitenta e tres mil setecentos dezaseis euros con vinte e oito céntimos (4.583.716,28 €) IVE incluído.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a contratación dun programa piloto de concienciación e cambio de hábitos en materia de xestión de residuos dirixido ao estudantado universitario en Santiago de Compostela.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se crea e regula o Consello Galego de Persoas Maiores.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe balance da execución 2022-2025 do III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza de Galicia. Senda 2025.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o equipamento tecnolóxico do Centro Galego de Artes Dixitais con fondos europeos.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde pola que se convoca a primeira edición do 2026 do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retailistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre axudas a proxectos de investimento en actividades empresariais para a diversificación agraria 2026.
- Informe sobre a convocatoria 2026 de axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas tramitadas ao abeiro da intervención 7119 Leader no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA DA ROMARÍA DE SANTA MINIA DE BRIÓN, A FESTA DA AMEIXA DE POIO E A NOITE MEIGA DE SARRIA**

Turismo de Galicia sigue ampliando a oferta de eventos singulares da comunidade

O Consello da Xunta acordou este luns ampliar o catálogo de festividades de interese turístico de Galicia coa aprobación de tres novas adhesións. Trátase da Romaría de Santa Minia, en Brión; a Festa da Ameixa de Campelo en Poio; e a Noite Meiga de Sarria, que acadan así a distinción de festa de interese turístico de Galicia.

Mediante esta declaración, a Xunta destaca a súa compoñente como iniciativas tractoras de turismo. Ademais, recoñece a antigüidade e continuidade no tempo das celebracións, así como a súa singularidade, impacto cultural e arraigamento na comunidade.

A Romaría de Santa Minia, en Brión (A Coruña), celébrase cada 27 de setembro desde o ano 1848. Ademais das manifestacións de carácter relixioso, a celebración conta con actuacións musicais, gastronomía e, desde hai xa anos, unha programación complementaria con actividades socioculturais diversas. O número de visitantes oscila entre as 30.000 e 50.000 persoas.

A Festa da Ameixa de Campelo celébrase no concello de Poio cada ano dende 1988, como parte esencial da identidade cultural e a idiosincrasia propia desta vila mariñeira cunha importante tradición marisqueira, que se remonta máis de 2.500 anos, ata a época castrexa.

En Sarria, desde o ano 1969 leva celebrándose o último sábado de agosto a Noite Meiga, organizada pola asociación Meigas e Tragos para celebrar a fin do verán. Esta cea-romaría ten como epicentro a danza da Noite Meiga, danza propia creada pola fundadora da Asociación, Carmela González Ruiz, baseada nunha lenda do pobo.

Con estas novas adhesións, Galicia amplía o seu catálogo de festas de interese turístico ata máis de 140 celebracións, entre as que hai eventos culturais, gastronómicos, musicais, relixiosos e outras festividades e iniciativas con ampla capacidade de atracción de visitantes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACHEGA PRETO DE 700.000 € Á FEGAMP PARA A LIMPEZA DE 34 CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

O Consello autoriza a renovación do acordo entre as dúas entidades para garantir o correcto funcionamento deste servizo en concellos de toda Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para cubrir os gastos de limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) situados en concellos de toda Galicia. A través del, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP achegará á entidade municipal un total de 695.296 € para que desenvolva estas tarefas.

O obxectivo deste acordo é garantir o correcto funcionamento do servizo nesta tipoloxía de centros, situados no rural, nos que o alumnado pode cursar as etapas de infantil, primaria e ESO. Cómpre lembrar que a limpeza dos colexios das etapas de infantil e primaria é competencia municipal, mentres que o resto de etapas de ensino non universitario son responsabilidade da Xunta de Galicia.

Polo tanto, o convenio artella a colaboración para proceder nos casos concretos dos CPI, nos que a responsabilidade é compartida. Deste xeito, refórzase a cooperación entre institucións e garántese unha prestación eficaz e sostible dos servizos públicos, evitando duplicidades e favorecendo un uso responsable dos recursos.

#### **Centros beneficiados**

Na provincia da Coruña son 12 os centros educativos: o CPI Cruz de Sar (Bergondo), Antonio Orza Couto (Boqueixón), Vicente Otero Valcárcel (Carral), O Cruce (Cerceda), Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro), A Xunqueira (Fene), da Picota (Mazaricos), de Xanceda (Mesía), Virxe da Cela (Monfero), dos Dices (Rois), de Bembibre (Val do Dubra) e de Vedra (Vedra).

Os oito de centros de Lugo son o CPI Luis Díaz Moreno (Baralla), de Castroverde (Castroverde), de Cervantes (Cervantes), Virxe do Monte (Cospeito), de Seoane (Folgo do Courel), Tino Grandío (Guntín), Uxío Novoneyra (Pedrafita do Cebreiro) e San Tomé de Carballo (Taboada).

En Ourense son sete, entre os que están o CPI Tomás Terrón Mendaña (Carballeda de Valdeorras), Virxe dos Remedios (Castro Caldelas), Antonio Failde (Coles), Laureano Prieto (A Gudiña), de Maside (Maside), de Padrenda-Crespos (Padrenda) e Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, en Pontevedra son tamén sete: o CPI da Cañiza (A Cañiza), Curros Enríquez (Pazos de Borbén), de Pontecesures (Pontecesures), Domingo Fontán (Portas), Julia Becerra Malvar (Ribadumia), Manuel Suárez Marquier (O Rosal) e do Toural (Vilaboa).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FINANCIARÁ O VINDEIRO CURSO O SERVIZO DE COMEDOR ADAPTADO A 585 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE**

O Consello autoriza convenios por máis de 300.000 € con 14 asociacións especializadas na atención a estes estudantes e coa Deputación de Pontevedra

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios con 15 asociacións e entidades especializadas na atención á diversidade para facilitarlles a prestación do servizo de comedor escolar. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP achegará máis de 300.000 € para apoiar este servizo complementario, do que se beneficiarán o vindeiro curso 585 alumnos con discapacidade.

O obxectivo destes acordos é facilitar a estes escolares o servizo de comedor adaptado ás súas particulares necesidades. As asociacións colaboradoras asumen a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor, de forma que o alumnado pode aproveitar o carácter didáctico do comedor no que atinxe á aprendizaxe de habilidades en prol da súa autonomía persoal e inclusión. A maiores destes acordos, a Xunta tamén colabora todos os cursos con este tipo de entidades para facilitarlles a prestación do servizo de transporte escolar.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual (Aceesca), coa Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns (Amencer–Aspace), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), coa Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, con Fogar e Clínica San Rafael de Vigo, coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor, coa Fundación Menela, coa Asociación San Xerome Emiliani, coa Asociación Nosa Señora de Chamorro e coa sociedade cooperativa Lenda Educativa.

Por outra banda, asinarase unha addenda ao convenio coa Deputación de Pontevedra para facilitar o servizo de comedor escolar a alumnos e coidadores do Centro de Educación Especial Pontevedra (un centro pertencente á Consellería de Educación) en dependencias da residencia provincial situada na Cidade Infantil Príncipe Felipe e que depende do ente provincial.

Esta colaboración enmárcase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente, tal e como establece a Estratexia de inclusión educativa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os comedores escolares galegos dan servizo a 85.000 alumnos. A Xunta é a administración que sostén o groso do funcionamento dos comedores escolares en Galicia, xa que preto do 80 % das prazas son xestionadas pola Consellería de Educación. Nestes comedores sérvense uns 62.000 menús diarios, é dicir, 11 millóns de menús cada curso. O Goberno galego inviste máis de 360.000 € diarios na prestación deste servizo, uns 63,5 M€ cada curso.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA MÁIS DE UN MILLÓN DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE 45 CIENTÍFICOS NAS UNIVERSIDADES COS PROGRAMAS RAMÓN Y CAJAL Y JUAN DE LA CIERVA

- A Consellería de Ciencia asinarán convenios coas tres universidades públicas para asumir os gastos de incorporación a tempo completo destes investigadores
- Estes acordos permitirán contratar 27 investigadores na Universidade de Santiago, 11 na Universidade de Vigo e sete na Universidade da Coruña
- Captar, reter e atraer talento investigador é un dos obxectivos do Goberno galego e desde 2014 beneficiáronse destas liñas de axudas un total de 388 científicos

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno autonómico e as tres universidades públicas galegas para o cofinanciamento da contratación de 45 científicos cos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. A Xunta destinará un total de 1.230.000 € á Universidade de Santiago de Compostela, á Universidade da Coruña e á Universidade de Vigo para que estes investigadores desenvolvan a súa actividade en Galicia nos próximos anos, facilitando así que non supoña custo adicional para as arcas dos organismos universitarios.

Deste xeito, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP cofinanciará a contratación de 30 científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma estatal Ramón y Cajal e outros 15 investigadores do programa estatal Juan de la Cierva. Grazas ao apoio da Xunta, as universidades públicas poderán contratar os candidatos seleccionados a tempo completo durante os anos que duren estes programas e coas condicións establecidas nos mesmos. Serán 27 investigadores contratados para a USC, 11 para a UVigo e sete para a UDC. A finalidade destas axudas é incentivar ás universidades galegas para que se presenten ás convocatorias ao saber que non teñen que achegar partidas para as contratacións.

Estas liñas de axudas da Xunta súmanse a outras iniciativas da Xunta, a través do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, para captar, reter e atraer talento investigador excelente, como o programa Oportunius, as axudas para grupos de referencia competitiva e potencial crecemento ou a Fundación Galtia, entre outros.

#### **Programa Ramón y Cajal**

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada e brillante en centros de I+D+i. Ao abeiro do convenio autorizado hoxe, o Goberno galego destina un total de 1.080.000 € a financiar a contratación de 30 investigadores deste programa por parte das tres universidades públicas galegas durante cinco anos. Son 18 científicos da USC, nove da UVigo e tres da UDC. O programa Ramón y Cajal é un dos máis competitivos de Europa, acollendo a destacados investigadores que pasaron parte da súa carreira no estranxeiro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Educación paga os custos de persoal que non ten financiamento na convocatoria estatal para que a súa contratación non lle supoña gasto ningún ás universidades. O acordo abrangue todo o período de vixencia do contrato (os cinco anos) cunha contía por contrato de 36.000 €, a razón de 6.000 € ao ano por persoa contratada durante os tres primeiros anos e 9.000 € ao ano durante os dous seguintes.

### **Programa Juan de la Cierva**

Pola súa banda, o Executivo galego tamén financia con 150.000 € a captación do talento de 15 investigadores a través do programa Juan de la Cierva na modalidade de formación. Concretamente, desenvolverán a súa actividade na USC nove científicos, catro na UDC e dous na UVigo.

A Consellería paga os custos de persoal que non ten financiamento público por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para que tampouco lle supoña gasto ningún ás universidades galegas. Neste caso, os contratos Juan de la Cierva teñen unha duración de dous anos e a Xunta aboará 5.000 € por contrato ao ano. A finalidade é fomentar a contratación de mozos doutores por un período de dous anos para que completen a súa formación investigadora posdoutoral en centros de I+D+i.

### **Desde 2014**

Estas liñas de axudas da Xunta para contribuír á financiación de investigadores nas universidades galegas están activas desde 2014. Desde entón, beneficiáronse das mesmas 388 investigadores: 217 Ramón y Cajal e 171 Juan de la Cierva. A Xunta afianza así o seu compromiso de dar oportunidades no ecosistema investigador galego a científicos que inician a súa traxectoria e a profesionais excelentes en liña cos obxectivos de reforzar a nosa I+G+i.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA O NOVO PLAN PARA O IMPULSO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE INCLÚE O REFORZO E CONSOLIDACIÓN DE 400 ESPECIALISTAS DE APOIO**

- Salienta que este Plan, que entrará en vigor o vindeiro curso, contará “cun orzamento de 118 M€” ata 2030
- Implicará máis contratación e máis formación, reducirase a burocracia e actualizarse a normativa neste eido
- “Queremos garantir que os alumnos reciben a atención necesaria para desenvolver todo o seu potencial”, indica o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP
- Rueda resalta que o cadro docente reforzase con “200 profesionais máis” de Pedagogía Terapéutica que se incorporarán ás aulas da ESO
- Consolidaranse outros 150 postos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en primaria a través da actualización do catálogo do profesorado
- Reforzase a estrutura dos servizos de Orientación con 50 novos profesionais, que contarán cun itinerario formativo específico e un programa de acompañamento
- O obxectivo é avanzar nunha educación á carta onde primen as preferencias das familias en canto ao modelo que mellor se axuste ás necesidades dos seus fillos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o Plan para o impulso da atención á diversidade de Galicia que se comezará a aplicar xa desde o vindeiro curso 2026-27 e contará “cun importe de 118 millóns de euros ata 2030”. Unha folla de ruta que incluírá o reforzo do número de profesionais e novos recursos, así como melloras na organización e no traballo de xestión en prol dunha maior axilidade e eficiencia.

A través deste plan da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, dáse un novo paso na calidade da educación inclusiva e personalizada do sistema educativo galego, un ámbito no que a nosa Comunidade ocupa o liderado estatal. Non en balde, sitúase á cabeza de España en canto a inclusión co 94,2 % dos alumnos con necesidades escolarizadas en centros ordinarios fronte á media estatal do 85,7 %.

O plan abrangue unha serie de accións que inclúen máis contratación de profesorado, máis formación, a actualización da normativa en materia de atención á diversidade, a reforma estrutural para blindar aínda máis unha educación á carta e a redución da burocracia ao servizo dunha mellor eficiencia e eficacia na atención educativa. “Estamos nunha sociedade cada vez máis diversa. Este Plan quere garantir que cada alumno contará coa atención necesaria para desenvolver todo o seu potencial”, indicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez.

Estas novas medidas enmárcanse na liña de traballo aberta entre a Xunta e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE, UGT e CSIF para intensificar e ampliar as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recollidas no Acordo de melloras asinado en 2023, onde se acordou desenvolver un plan específico de impulso á atención á diversidade que agora se vai poñer en marcha.

### **Incremento de profesionais**

Un dos puntos máis destacados do Plan, segundo explicou é que se reforzarán os centros escolares coa incorporación ou estabilización de 400 profesionais dedicados ás necesidades educativas especiais.

Así pois, co obxectivo de avanzar nunha atención máis especializada, a Consellería, tal e como explicou o presidente, “imos contratar 200 profesionais especialistas de Pedagogía Terapéutica” para Secundaria, a razón de 100 neste vindeiro curso 2026-27 e outros 100 no curso 2027-28.

Paralelamente, flexibilizaranse os criterios de dotación de especialistas nos centros de primaria, o que permitirá “consolidar arredor de 150 profesores de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe” nesta etapa. Isto suporá que os centros que este curso contaban con persoal especialista a maiores dos que lle correspondía por catálogo, e que abandonarían o centro co fin do actual curso, a partir de setembro continuarán reconvertido en persoal fixo alí onde se requira.

A maiores, “contrataranse outros 50 novos profesionais” para reforzar os departamentos de orientación naqueles centros que, polas súas características e necesidades, así o requiran. Os servizos de orientación desempeñan un labor esencial na organización, coordinación e xestión da atención personalizada ao alumnado nos centros escolares, polo que, desta maneira, se van potenciar os equipos de orientación específicos naquelas provincias e especialidades de maior demanda de intervención. Tamén se vai reorganizar o catálogo da rede de orientación para axustala á realidade actual.

### **Formación a actualización profesional**

Outro dos puntos do plan incide na revisión da normativa e a formación e actualización profesional. Co fin de asegurar a súa idoneidade, vaise revisar a función orientadora nos centros de infantil e primaria e incidirase na formación para estes profesionais, que requiren de competencias específicas cada vez máis especializadas e axustadas ás tarefas propias do posto que lles permita dar resposta ás distintas situacións que se presentan nos centros educativos.

No caso dos orientadores de nova incorporación, tal e como explicou o conselleiro, durante o seu primeiro ano de exercicio profesional contarán cun co deseño “dun itinerario formativo específico” e outro de acompañamento e seguimento enfocado á análise da práctica profesional e á mellora progresiva do desempeño.

### **Simplificación de tarefas administrativas**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como parte do Plan para a simplificación das tarefas burocráticas, o Plan para o impulso da atención á diversidade tamén incorpora novas accións para unha mellor organización e axilización dos procesos administrativos dos departamentos de orientación, contribuíndo a reducir a burocracia para que, como indicou Rodríguez, “poidan dedicar máis tempo a outras tarefas”.

Así, a través de EdugallA, o proxecto de intelixencia artificial aplicada á xestión educativa, vaise desenvolver a ferramenta GaliOrienta para a optimización das tarefas de xestión destes departamentos. Tamén se avanzará na dixitalización dos distintos trámites, con melloras na coordinación entre especialistas e centros educativos, e asignaranse credenciais de identificación dixital para o acceso a aquelas aplicacións asociadas ás súas funcións, o que redundará nunha optimización de recursos e nunha xestión máis áxil simplificando procesos e centrando o labor dos orientadores na intervención educativa propiamente dita.

### **Actualización da normativa e outras**

Dado que a realidade dos centros escolares está en continuo cambio, é necesario revisar o marco normativo para a súa adecuación ás necesidades que van xurdindo co fin de asegurar unha resposta o máis eficaz posible e facilitar unha escolarización á carta, que atenda as casuísticas do alumnado e a preferencia das súas familias.

Neste senso, asegúrase que o sistema educativo galego conte con todas as opcións de escolarización posibles para que as familias elixan libremente a que máis se axuste ás condicións dos seus fillos. Isto é, a escolarización ordinaria, en centros de educación especial ou en escolarización combinada. Esta última pode alternar uns días nun centro ordinario e outros nun centro de educación especial, ou ben unhas horas nunha aula ordinaria e outras nunha aula de educación especial integrada no mesmo centro.

### **Estratexia de inclusión educativa**

O Plan para o impulso da atención á diversidade en Galicia amplía o alcance inicial da Estratexia de inclusión educativa, que ten como obxectivo avanzar no actual modelo que fixo de Galicia un referente a nivel estatal como o ensino máis equitativo e inclusivo do Estado, tal e como establecen as estatísticas oficiais tanto do Ministerio de Educación como do informe PISA. Desde un espírito de mellora constante, blindará a igualdade de oportunidades para que cada alumno poida aproveitar as súas potencialidades, cun ensino á carta que se adapte ás necesidades individuais.

“Queremos ofrecer unha educación adaptada ás necesidades reais do alumnado e as súas familias. Unha educación de futuro coa que axude a construír a Galicia Calidade que todos queremos”, salientou o conselleiro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA PRESTAR ATENCIÓN GRATUÍTA A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- Finansiase unha quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente; asistencia domiciliaria urxente e apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar
- A través deste convenio, máis de 16.000 persoas recibiron atención especializada desde o ano 2009

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para continuar este ano co programa de atención gratuíta a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero e os seus familiares. A achega do Goberno galego a este acordo é de 460.000 euros, a mesma contía que no 2025, e a previsión é atender a máis de 1.600 persoas.

Con esta colaboración, a Xunta pon á disposición das persoas que viven ou viviron situacións de violencia de xénero unha rede de profesionais da psicoloxía especializados na atención, co obxecto de axudalas no seu proceso de recuperación. Así, con este convenio finansiase unha quenda de garda, que presta atención psicolóxica, especializada e permanente, no momento da interposición da denuncia.

Ademais, o acordo inclúe o desenvolvemento dun programa de apoio psicolóxico a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar, para que teñan recursos para resolver os conflitos sen recorrer á violencia. Este programa denomínase Abramos o círculo.

Outros servizos que recolle esta colaboración entre o Executivo autonómico e o colexio de Psicoloxía son: a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de mortes ou agresións graves, a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) e a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva ou da fala.

Entre os anos 2009 e 2025, grazas aos convenios subscritos co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia prestouse atención especializada a un total de 16.162 persoas: 10.934 mulleres, 3.097 menores, 523 persoas da contorna familiar das vítimas e 1.608 homes que participaron no programa Abramos o círculo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LANZA A PRIMEIRA LIÑA DE AXUDAS PARA QUE AS EMPRESAS DESENVOLVAN PROXECTOS TANTO DE USO CIVIL COMO DE DEFENSA, SEGURIDADE E AEROESPAGO EN GALICIA**

- O Goberno galego activa o programa *Industria Dual*, dotado con 6 millóns de euros e integrado na Estratexia de seguridade, defensa e aeroespazo, creada hai un ano
- A intensidade da achega poderá ser do 15 % para gran empresa, 25 % para a mediana e do 35 % para as de pequeno tamaño
- Os apoios permitirán financiar a compra de maquinaria e bens de equipo, reforma de naves, así como programas de implantación de solucións tecnolóxicas avanzadas (software e hardware), entre outros investimentos
- A convocatoria dará prioridade a proxectos promovidos por firmas pertencentes a sectores estratéxicos como automoción, naval, loxística ou construción
- A Comunidade xa suma 115 empresas dedicadas a estes sectores e outras 150 teñen potencial para incorporarse

Galicia dá un paso máis na súa aposta por consolidarse como referente nacional nos sectores da seguridade e da defensa coa posta en marcha da primeira convocatoria de axudas para impulsar o desenvolvemento de produtos, servizos e sistemas tecnolóxicos con aplicación tanto civil como nos ámbitos da seguridade, a defensa e o aeroespazo. O programa, denominado *Industria Dual*, foi avaliado hoxe polo Consello da Xunta e contará cun orzamento de 6 millóns de euros, que será cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

As axudas están dirixidas a empresas con centro de traballo en Galicia e permitirán financiar proxectos orientados ao desenvolvemento e modernización industrial. Entre os conceptos subvencionables inclúense a adquisición de maquinaria e bens de equipo, as obras de reforma e modernización de naves e espazos produtivos, a implantación de solucións tecnolóxicas avanzadas de software e hardware, así como outros investimentos en activos fixos materiais e inmateriais.

A convocatoria dará prioridade a proxectos promovidos por empresas de sectores estratéxicos con maior potencial de diversificación cara ao ámbito dual, entre eles a automoción, a metalmecánica, o naval, a loxística, o téxtil, as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), o aeroespazo e a construción.

En canto á contía, o apoio máximo por empresa será de un millón de euros e a intensidade da subvención poderá chegar ata o 15 % no caso das grandes empresas, o 25 % para as medianas e o 35 % para as pequenas empresas. As achegas concederanse en réxime de concorrencia competitiva e a convocatoria prevé tamén a posibilidade de anticipar ata o 25 % da subvención concedida, sen superar en ningún caso a anualidade correspondente a cada exercicio orzamentario. As empresas poderán solicitalas nas próximas semanas, unha vez publicada a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Un sector en expansión

*Industria dual* é o segundo programa de axudas que a Consellería de Economía e Industria convoca no marco da Iniciativa estratéxica en seguridade, defensa e aeroespazo 2025–2030 (Iesda), aprobada en maio do 2025 polo Goberno galego como unha das grandes apostas da política industrial. Dotada con 183 millóns de euros -e coa previsión de mobilizar ata 900 millóns de investimento público-privado-, esta estratexia busca reforzar as capacidades industriais e tecnolóxicas de Galicia nestes sectores emerxentes.

Hai apenas uns días pechouse a convocatoria de axudas para a certificación como subministradoras do sector da seguridade e a defensa, que recibiu 52 solicitudes. Ademais, púxose en marcha -xunto coa Escuela de Organización Industrial (EOI)- o Programa executivo en industria de defensa en Galicia, pioneiro no Estado, que rexistrou 69 candidaturas para 25 prazas. Dado o éxito da convocatoria haberá unha segunda edición en setembro.

Galicia parte dunha posición competitiva sólida para aproveitar esta oportunidade. Na actualidade, a industria representa arredor do 17 % do PIB galego, por riba da media estatal, e a Comunidade rexistrou máximos históricos de emprego industrial, con máis de 192.000 persoas ocupadas. Conta, ademais, con sectores consolidados como a automoción, o naval, a metalmecánica, as TIC, os materiais avanzados, o téxtil técnico, a construción industrializada ou o aeroespazo, con capacidade para desenvolver tecnoloxías de uso dual e participar nas novas cadeas de valor industriais europeas.

A nova política industrial da Xunta constrúese tamén sobre unha experiencia aeroespacial consolidada. Deste xeito, na última década, o sector aeroespacial galego medrou máis dun 60 %, superando os 4.200 empregos, con 128 contratos empresariais, 89 empresas e centros de coñecemento e financiando 148 proxectos tecnolóxicos e de infraestruturas. No marco da Iesda, entre 2015 e 2028, prevese unha mobilización acumulada de 378 millóns de euros de investimento público e privado.

Neste contexto, a Xunta avanza noutras actuacións para impulsar o desenvolvemento da defensa, seguridade e aeroespazo, aproveitando as capacidades da Comunidade para a fabricación do 75 % das tipoloxías de compoñentes e servizos que precisan estes sectores.

Na actualidade, Galicia conta con 115 centros de traballo xa dedicados ao sector, cifra que podería incrementarse nos vindeiros anos, xa que unhas 150 empresas contan con potencial para incorporarse.

### Próximo paso: acordos de asociación estratéxicos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos piares da estratexia pasa polos acordos de asociación estratéxicos, fórmula de colaboración público-privada orientada a mobilizar investimento, desenvolver tecnoloxía e fortalecer cadeas de valor industriais desde Galicia. A previsión da Xunta é mobilizar arredor de 83 millóns de euros a través destes acordos antes de rematar o primeiro semestre, mentres se analizan xa 49 empresas e 79 proxectos con interese en participar, co obxectivo de consolidar novas capacidades produtivas, atraer investimento industrial e xerar emprego cualificado no territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A PLENA INCORPORACIÓN DO PERSOAL DO LITORAL TRANSFERIDO POLO GOBERNO CENTRAL MELLORANDO NOTABLEMENTE AS SÚAS CONDICIÓN**

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático creou 26 postos para acoller ao persoal do litoral que foi transferido polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
- A integración dos novos traballadores supón unha mellora dos seus niveis e complementos por enriba dos que percibían nos postos de procedencia
- O custo total da creación das prazas definitivas ascende a un total de 1.480.992,75 €

O Consello da Xunta acordou hoxe a plena incorporación do persoal do litoral transferido polo Goberno central á Consellería de Medio Ambiente, mellorando dun xeito notable as súas condicións.

En concreto, o persoal que se traspasou polo Goberno central á Comunidade Autónoma, -unha vez asumido o autogoberno pleno sobre o litoral o pasado 1 de xullo de 2025- foi de 26 postos de traballo ocupados que se incorporaron ás dependencias da Xunta con carácter provisional.

No día de hoxe, a Xunta de Galicia culminou a modificación da súa relación de postos de traballo (RPT) para crear os postos definitivos nos que se integrará o persoal do litoral, con mellora dos seus complementos.

A Xunta, a través desta relación de postos de traballo (RPT), crea os postos homólogos aos existentes na Administración autonómica galega, garantindo a integración plena do persoal transferido e adaptando os postos á estrutura organizativa e retributiva propia da Xunta de Galicia.

A nova configuración supón unha notable mellora das condicións retributivas do persoal transferido, ao equipararse aos niveis e complementos existentes para postos equivalentes na Administración autonómica.

A modificación inclúe tamén a creación de tres novos postos para reforzar a xestión do litoral nos servizos provinciais da Coruña e de Pontevedra; e a adaptación da estrutura interna da Consellería á asunción destas competencias, incorporando novos órganos directivos e de coordinación: Subdirección Xeral do Litoral, o Servizo de Protección do Litoral e o Servizo de Planificación e Coordinación.

#### **Un longo camiño cheo de obstáculos**

Este proceso non estivo exento de dificultades. A Xunta tivo que percorrer un longo camiño cheo de obstáculos antes de que se aprobara a normativa e, despois, cando tivo lugar o traspaso efectivo de funcións e servizos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

É preciso lembrar que trala aprobación no ano 2023 da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e do seu aval polo Tribunal Constitucional o 23 de abril de 2024 -cando se ditou a sentenza co voto favorable de todos os maxistrados- a Xunta de Galicia asumiu a plena xestión do seu litoral o 1 de xullo do 2025. Foi nesta data cando entrou en vigor o decreto polo que a Comunidade Autónoma asumiu as funcións e servizos traspasados polo Goberno central, un día que é e será para sempre histórico para Galicia.

Deste o mes de xullo de 2025 e ata escasos fai dous meses, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico non culminou o traspaso de expedientes, que entregou á Xunta por fascículos, en catro quendas e case 12.000 arquivos.

Pero grazas ao encomiable labor de todo o persoal propio e transferido á área do litoral da Consellería, hoxe en día en Galicia cóidase e protéxese mellor a costa e aprovéitase dun xeito máis eficaz e eficiente o seu enorme potencial para crear emprego e oportunidades. É un litoral, o máis longo de toda España, cun total de 2.555 quilómetros, no que viven máis da metade da poboación galega en 86 concellos costeiros.

A costa galega ten unha relación histórica, económica e social co mar que fai de Galicia un territorio de especial singularidade. Estase a falar dunha costa cunha gran actividade económica onde hai familias e comarcas enteiras que dependen dela.

Só o sector representa o 5 % do PIB galego e as actividades económicas ligadas a el contan cun valor de produción superior aos 5.500 millóns de euros, chegando aos 9.000 millóns se incluímos o valor dos produtos postos no mercado.

Son actividades que dan emprego a 25.000 galegos e galegas e no caso concreto da industria de transformación de produtos de mar, o sector concentra o 45 % dos postos de traballo e o 55 % do volume de negocio de toda España.

En definitiva, onde antes había unha costa xestionada a quilómetros de distancia, as galegas e os galegos teñen hoxe unha costa xestionada por e para Galicia. O resultado final deste proceso ten sido mellorar a situación de tantos galegos que viven e traballan nos concellos costeiros, darlles seguridade xurídica e permitirlles presumir dunha costa ben xestionada, de excelencia e xerador de emprego e riqueza.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACTIVA UN ACORDO MARCO DE MÁIS DE 11 M€ PARA RENOVAR E MANTER A REDE DE COMUNICACIÓNS DE EMERXENCIAS**

- O Consello de Goberno aproba a contratación do servizo que permitirá modernizar a rede que utiliza a tecnoloxía TETRA, o estándar europeo que garante as comunicacións sen depender da telefonía móbil convencional
- As actuacións previstas implican o cambio das estacións base, repetidores e equipos con sistemas que proporcionan maior seguridade e fiabilidade
- A rede galega de emerxencias Resgal, que pode ser empregada polas Administracións autonómica e local, conta con máis de 100 estacións base e cubre o 90 % do territorio

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un acordo marco de máis de 11 millóns de euros (con IVE) que permitirá contratar durante os vindeiros catro anos a renovación, actualización e mantementos dos principais compoñentes da rede corporativa de comunicacións móbiles de seguridade e emerxencias de Galicia (Resgal), xestionada por Retegal.

Parte dos contratos derivados deste acordo marco destinaranse á renovación das estacións base e os repetidores que empregan a tecnoloxía TETRA, que é o estándar europeo para as comunicacións en situacións de emerxencias, xa que garanten o servizo mesmo cando non estean operativas ou accesibles as redes de telefonía móbil convencional.

O acordo marco tamén permitirá dotar de maior fiabilidade e resiliencia a rede e os seus sistemas asociados, tales como o de xeolocalización de terminais ou o de gravacións das comunicacións.

Está prevista, tamén, a optimización do sistema de conmutación automática da rede para evitar as posibles caídas do sistema, así como a ampliación da rede para a adhesión de novos usuarios a curto prazo .

A rede Resgal, considerada unha infraestrutura crítica de alta dispoñibilidade que cubre o 90 % do territorio galego, está formada por 105 estacións radio base fixas, unha transportable, catro repetidores e dous nodos de conmutación en localizacións físicas independentes. Dispón tamén de sistemas de xeolocalización e gravación de voz.

A rede TETRA de Resgal é utilizada por todos os organismos da Xunta que xestionan emerxencia, como a Axega – 112 (Axencia Galega de Emerxencias), a Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia (Upa), o 061, ou Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Tamén está á disposición da Administración local, que pode contratar o servizo para policía locais, protección civil ou equipos de bombeiros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente están adheridas a esta rede 125 entidades locais e está en marcha un proceso para a entrada de novos concellos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 24 M€ A DOTAR A XUSTIZA DIXITAL DE SISTEMAS INTELIXENTES E ACHEGALA Á TOTALIDADE DO TERRITORIO GALEGO**

- Rueda salienta que o obxectivo é avanzar cara un sistema “máis eficaz, personalizado e accesible”
- O novo Plan Senda 2028, adapta a Xustiza galega ao novo marco legal estatal e reorganiza o servizo para achegalo ao rural, evitar desprazamentos e combater o despoboamento
- Destaca que se incluírá servizos de “atención remota por videoconferencia” para realizar algúns trámites ou asistir ás vítimas de delitos
- Dotará de operatividade as 268 oficinas de xustiza no municipio (OXM) de Galicia
- Introduce na xestión xudicial o programa Atenea, compartido co Ministerio de Xustiza, que normaliza o uso do galego, permite intercambiar información co resto da Administración, e adáptase ao novo modelo de tribunais de instancia
- Incorpora ferramentas que usan IA, como o novo visor intelixente do expediente, asistentes virtuais para profesionais e cidadáns, a xestión forense intelixente ou os certificados de sinatura cuántica
- O Consello tamén recibiu un informe sobre a evolución do Plan Senda ata 2025, que permitiu a universalización da Xustiza en Galicia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe o Plan Senda 2028, dotado de 24,4 millóns de euros, e que busca “mellorar os servizos dixitais da xustiza e avanzar cara un sistema máis eficaz, personalizado e accesible”.

O Plan busca adaptar a Xustiza dixital de Galicia ao novo marco legal estatal, introduce a intelixencia artificial como elemento central e transversal e achega o servizo á cidadanía, sobre todo nas áreas rurais. O Plan traslada á Xustiza dixital a visión da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Do orzamento de 24,4 millóns de euros, 17,5 millóns corresponden a fondos da Comunidade Autónoma e 6,9 millóns ao programa Galicia Feder 2021-2027. Este investimento súmase aos 43 millóns de euros investidos no Plan Senda entre 2020 e 2025.

O Plan Senda 2028 asume o desafío de adaptar a Administración de xustiza de Galicia ao novo marco legal estatal establecido pola Lei orgánica 1/2025 e polo Real decreto lei 6/2023. Ademais de axustarse ao novo modelo organizativo de tribunais de instancia e oficinas de xustiza no municipio, que achegan os servizos a toda a poboación, o plan introduce a intelixencia artificial como elemento central e transversal. Entre as novas utilidades que empregan esta tecnoloxías están o novo visor intelixente do expediente xudicial (Viaexe), os asistentes virtuais ao servizo das persoas que traballan na Administración de xustiza ou a explotación intelixente da información forense.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Novo sistema bilingüe de xestión procesual**

Unha das principais novidades é a substitución do sistema de xestión procesual Minerva por Atenea, unha plataforma tecnolóxica moderna bilingüe, plenamente interoperable e adaptada ao novo modelo organizativo. Este cambio é o resultado de dous convenios asinados co Ministerio de Xustiza. A posibilidade de usar o idioma galego no sistema de xestión procesual foi demandada insistentemente pola Xunta de Galicia.

De acordo coa Estratexia Galicia Dixital 2030, e como sucede no resto da Administración e os servizos públicos de Galicia, implántase un modelo de xustiza orientada ao dato. Isto permite configurar uns servizos máis eficaces e máis personalizados. Neste sentido, créase o Rexistro de Datos Mestres de Xustiza (RDMX), con sistemas de consulta sinxelos para o persoal interno e para a cidadanía.

### **Oficinas de xustiza do municipio**

O Plan Senda 2028 permitirá consolidar as 268 oficinas de xustiza do municipio (OXM) como puntos de acceso próximo para a cidadanía en concellos sen sede xudicial. O obxectivo é achegar a Xustiza ao rural, evitar desprazamentos, favorecer a cohesión territorial e evitar o despoboamento.

Ademais, poñerase en marcha *Conecta Xustiza*, "un sistema de atención remota, que permitirá facer trámites por videoconferencia" e que beneficia especialmente a persoas que residen en áreas rurais ou que teñen problemas de mobilidade.

Haberá, así mesmo, un asistente virtual especializado (*Conversa Xustiza*) que proporcionará soporte técnico para os servizos dixitais e que ofrece información e orientación en linguaxe natural e comprensible sobre os servizos e trámites dispoñibles.

Tamén se consolidarán as prestacións dixitais das oficinas de atención á vítima do delito, coa incorporación "de atención remota por videoconferencia para as vítimas" con dificultades de desprazamento. Estas oficinas prestan atención, entre outras, ás vítimas de violencia de xénero.

Créase a *Canle Xustiza*, para a información, divulgación e educación xurídica, dirixida á cidadanía en xeral e, especialmente, á xuventude, co obxectivo de achegar o sistema xudicial á sociedade e reducir a fenda dixital.

As persoas sen habilidades dixitais disporán do programa *Acompaña*, un sistema integral de atención presencial nas sedes xudiciais, que garantirá a accesibilidade universal e empregará unha linguaxe clara e accesible.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) avanza cara a xestión dixital de probas e evidencia cunha maior garantía na canle de custodia, incorpora ferramentas de teleperitaxe e aplicará a explotación intelixente da información forense para identificar patróns e tendencias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Plan tamén introduce certificados de sinatura cuántica en mobilidade para avogados e persoal xudicial, o que sitúa a Galicia na vangarda da seguridade criptográfica aplicada á xustiza.

### **Plan Senda 2025**

O Consello tamén recibiu un informe sobre os resultados do Plan Senda 2025, que consolidou a universalización da Xustiza dixital en Galicia. Entre os resultados destaca a evolución de 77 salas de vistas dixitais que había en 2021 a completarse a dixitalización da totalidade das salas (211). "E pechamos 2025 con 170.000 expedientes xudiciais electrónicos, cando no 2021 era algo residual", salientou o presidente.

O Plan Senda 2025 permitiu a creación das oficinas de información ás vítimas do delito nas sete cidades de Galicia, nas que se seguiron máis de 1.500 expedientes en 2025.

Entre os proxectos singulares e pioneiros destaca a automatización das comunicacións de autopsias ao INE, un sistema que reduce moito o traballo burocrático dos forenses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DA EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA CONTINUA NA PO-325, ENTRE VIGO E A RAMALLOSA, EN NIGRÁN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 5,8 M€**

- Trátase de habilitar un eixo de mobilidade sustentable nunha lonxitude total de 14,14 km desta estrada autonómica para facilitar os desprazamentos nesta contorna con forte crecemento poboacional nos últimos anos e grande afluencia turística
- Disporanse 3 áreas de transferencia nas que aparcarse o coche e continuar o paseo en bicicleta e tamén se habilitarán zonas de descanso con mobiliario urbano como bancos
- Tamén se dotará este tramo de dúas glorietas para conseguir espazo para a senda e favorecer a seguridade viaria de todos os usuarios da estrada, un aparcadoiro na área do punto quilométrico 12+540 e iluminación onde sexa necesaria
- As obras licitaranse nas vindeiras semanas, tras terse rematados os actos expropiatorios e aprobarse hoxe o proxecto de construción, sendo o obxectivo da Xunta adxudicar a súa execución a finais deste mesmo ano
- O Goberno galego segue apostando por actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible

O Consello da Xunta acaba de darlle luz verde á licitación da execución das obras para habilitar unha senda peonil e ciclista continua na estrada PO-325, entre Vigo e A Ramallosa, en Nigrán, que suporá un investimento de máis de 5,8 M€.

A través desta intervención, trátase de habilitar dun eixo de mobilidade sostible ao longo desta vía, reformulando e completando a senda existente, nun tramo cunha lonxitude total de 14,14 km (puntos quilométricos 0+800 ao 14+940), no que inclúe tamén outras actuacións que reforzarán a seguridade viaria na área.

O obxectivo do Goberno galego con esta nova actuación na PO-325 é favorecer a mobilidade segura e sustentable nunha contorna das máis poboadas e turísticas da Galicia e onde son moi frecuentes os desprazamentos entre a cidade de Vigo e Nigrán e Baiona.

As obras licitaranse nas vindeiras semanas, tras terse realizados e rematados os actos expropiatorios dos 38 predios para levar a cabo a actuación, e aprobarse tamén hoxe no Consello da Xunta o proxecto definitivo de construción. O obxectivo da Xunta e poder adxudicar as obras, que contan cun prazo de execución de 18 meses, a finais deste mesmo ano.

En concreto, as actuacións a desenvolver consisten na execución dunha senda peonil-ciclista, en cuxo percorrido pola zona se efectuará unha reorganización dos espazos e mellora dos pavimentos. É dicir, procederase a realizar unha reorganización dos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

espazos e mellora dos pavimentos no tramo da actuación, dando maior protagonismo ao peón.

Executarase unha senda cunha sección tipo de 3 metros de ancho e naquelas zonas onde se dispón dun ancho de paso suficiente, disporanse puntos para o descanso dos usuarios. De xeito máis concreto, dotaranse estas zonas de arborado e mobiliario como bancos, papeleiras e aparca – bicicletas.

No treito comprendido entre os puntos quilométricos 2+600 e 3+800 e 12+500 disporanse 3 áreas de transferencia entre vehículo e bicicleta, onde se pode aparcar o vehículo e continuar o paseo en bicicleta.

Dotarase de iluminación ao itinerario peonil e da correspondente drenaxe.

Tamén, desde o quilómetro 13+900 ao 14+940, acondicionaranse as sendas existentes, coa mellora dos pavimentos existentes, a dotación de mobiliario urbano, o reforzo da iluminación en cruces e zonas de sombra, a mellora dos cruces para dar preferencia peonil ou ciclista, a mellora da sinalética para orientar e informar sobre distintos destinos na cidade, a limitación de velocidade nas contornas ciclo-peonís a 30 Km/h, e a habilitación de zonas de estacionamento de vehículos de mobilidade persoal.

### **Outras intervencións**

Ademais da construción da senda executaranse outras actuacións complementarias neste tramo. Neste sentido, nas interseccións mantense a xeometría das vías coas que cruza a senda e prevense pasos peonís sobreelevados nas interseccións


Prevense dúas novas glorietas nos puntos 2+550 e 14+650, con bordo de formigón remontable, co fin de conseguir maior espazo para a senda, e para mellorar a seguridade viaria nos cruces de todos os usuarios da vía. É dicir, se mellora o fluxo do tráfico, así como a estética da entorna urbana; e se reducen as emisións e consumo de combustible ao acortar os tempos de espera nas interseccións.

Tamén se disporá un aparcadoiro na área do punto quilométrico 12+540 para eliminar vehículos da zona de tránsito e acadar unha contorna máis favorable para o uso de vehículos de mobilidade persoal e permitir a transferencia entre os diferentes medios de transporte.

Ademais dotaranse de iluminación os puntos do tramo nos que sexa preciso e procederase ao repintado de sinalización.


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de planta da glorieta no P.Q. 2+550



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

*Plano de planta da nova glorieta no cruce de Monte Lourido, entre Praia América e Ramallosa*



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA AC-550 EN OUTES, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,3 M€

- Trátase de impulsar un novo itinerario mixto de preto de 2,3 quilómetros de lonxitude co obxectivo de facilitar o tránsito entre Cruceiro de Roo e o núcleo urbano do municipio
- A senda executarase adxacente á estrada autonómica, mantendo o mesmo trazado, cun ancho de 2,5 metros, partindo das beirarrúas dentro do núcleo rural de Viro ata as beirarrúas do comezo da travesía urbana da Serra de Outes
- O obxectivo da Xunta é aprobar o proxecto construtivo no segundo semestre deste mesmo ano

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado para a construción da nova senda peonil e ciclista na estrada AC-550, ao seu paso polo concello de Outes, que será licitada por un investimento de algo máis de 1,3 M€.

Trátase de executar un itinerario mixto de preto de 2,3 quilómetros de lonxitude, no treito desta vía autonómica comprendido entre os puntos quilométricos 62+120 a 64+410, co obxectivo de mellorar da seguridade e da mobilidade na vía autonómica no seu percorrido polo municipio coruñés.

A actuación a executar pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de infraestruturas, ten así como obxectivo facilitar o tránsito camiñando ou en bicicleta, entre Cruceiro de Roo e o núcleo urbano do municipio.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 98 predios necesarios para executar esta intervención. O obxectivo da Xunta é aprobar o proxecto construtivo no segundo semestre deste mesmo ano.

#### **As obras a executar**

O proxecto propónse a execución dunha senda de uso compartido peonil-ciclista en paralelo á estrada AC-550, inicialmente pola súa marxe esquerda entre os puntos 62+120 e 62+200 (80 metros), e logo pola súa marxe dereita entre os puntos 62+185 e 62+410; partindo das beirarrúas dentro do núcleo rural de Viro ata alcanzar as beirarrúas existentes ao comezo da travesía urbana da Serra de Outes.

A senda executarase adxacente á estrada e mantendo o mesmo trazado, cun ancho de 2,5 metros, incluíndo o bordo estético, e cunha beiravía de 50 centímetros e sobre-elevada 10 centímetros sobre a beiravía como norma xeral, salvo nos accesos onde se rebaixa ata os 2 cm. O pavimento empregado será de formigón coloreada en cor terriza, mentres que os 8 cm restantes serán en formigón gris.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na intervención terase en conta os accesos ás parcelas e os cruces cos camiños municipais e empregarase pavimento podotáctil nos cruces coas estradas municipais.

Na intervención inclúense os traballos da drenaxe e para minimizar as futuras afeccións á senda debido a obras de redes de servizos, planéase a inclusión dun prisma de canalización de telecomunicacións baixo a mesma.

As actuacións previstas neste proxecto contarán con financiamento europeo a través do programa operativo Feder 21/27. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

O Goberno galego con esta nova senda na AC-550, segue a avanzar no obxectivo mellorar a seguridade viaria e contribuír á consolidación dunha rede de mobilidade sustentable e integrada no contorno.

Planos de situación e traza do proxecto de trazado:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE 26 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VIGO

- As obras serán licitadas por un importe de 5.576.340 euros
- Construiranse na parcela M-IIIB-14, do polígono 2 de San Paio de Navia
- Disporá de 13 vivendas de dous dormitorios (unha delas adaptada para o uso por persoa con mobilidade reducida), 10 de tres dormitorios e 3 de catro dormitorios

O Goberno galego construíra 26 vivendas de promoción pública na parcela M-IIIB-14, emprazada no polígono 2 de San Paio de Navia, en Vigo.

As obras para a construción do inmoble licitaranse por un importe de 5.576.340 euros, e seguirán o proxecto redactado pola UTE Navia 14 (Martín de Cominges Carvalho, José Javier Villacé Rodríguez, Juan Bautista Pons Herrera e Lucas Gándara Álvarez), adxudicado por importe de 198.440 euros. Ao investimento hai que sumar o valor da parcelas na que se constrúen as vivendas, urbanizada pola Xunta de Galicia.

O edificio proxectado consta dunha planta soto para 26 prazas de garaxe, 2 rochos e locais de instalacións e servizos; planta baixa dedicada a soportais, 2 portais, 1 local para uso terciario, 24 rochos e locais de instalacións e servizos; plantas primeira e segunda para uso de vivenda, con 8 vivendas por planta; planta terceira para uso de vivenda con sete vivendas e planta ático con 3 vivendas. Hai 2 portais de acceso, e cada un deles dá servizo a 13 vivendas.

Disporá de 13 vivendas de dous dormitorios (unha delas adaptada para o uso por persoa con mobilidade reducida), 10 de tres dormitorios e 3 de catro dormitorios.

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

En Vigo, a Xunta ten actualmente 927 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución, todas elas en solo urbanizado pola Xunta de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA LICITARÁ AS OBRAS PARA CONVERTIR LOCAIS DE VALDECORVOS EN TRES NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA CIUDE DE PONTEVEDRA**

- As obras serán licitadas por un importe de 351.640,24 euros
- Este fogares obteranse pola transformación en vivendas de dous locais sen uso propiedade da Xunta, situados no inmovble emprazado na parcela 13 de Valdecorvos

O Goberno galego construírá 3 vivendas de promoción pública transformando para iso os locais sen uso existentes no inmovble construído na parcela 13 de Valdecorvos, en Pontevedra.

As obras para a construción do inmovble licítaranse por un importe de 351.640,24 euros e seguirán o proxecto redactado por Germán Gómez Espejo, adxudicado por importe de 33.396 euros. As vivendas serán financiadas integramente con recursos propios, sen ningún tipo de achega de axudas estatais ou europeas.

O baixo do bloque 1 acondiciónase para dúas vivendas, cada unha con dous dormitorios. Unha delas adaptada para o seu uso por persoas con mobilidade reducida

O baixo do bloque 3 acondiciónase para unha vivenda de dous dormitorios e un local que comunica co local de planta soto mediante escaleira existente.

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

En Pontevedra, a Xunta ten actualmente 306 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución, en solo propio ou cedido polo Concello.



LOCAL A ACONDICIONAR COMO VIVIENDA EN EL BLOQUE 1



LOCAL A ACONDICIONAR COMO VIVIENDA EN EL BLOQUE 3

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA CON PUNTOGAL PARA MONITORIZAR AS BUSCAS EN GALEGO NA REDE

- O consello dá luz verde a un convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a entidade xestora do dominio '.gal' por valor de 64.000 €
- O obxectivo é estudar a situación da lingua no buscador Google desde que os algoritmos penalizan os idiomas minoritarios
- O Executivo autonómico apoia a iniciativa na liña do Pacto pola Lingua, que ten no eido dixital un dos seus eixos principais
- O acordo prevé a creación dunha base de datos, a publicación de informes ou xornadas sobre a optimización do posicionamento

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a entidade PuntoGal, por valor de 64.000 €, para levar a cabo actuacións orientadas á investigación da situación do galego nos resultados do buscador Google. Trátase dunha iniciativa coa que o Executivo autonómico segue a poñer o foco no impulso do idioma no eido dixital, un dos puntos estratéxicos que se recollen no Pacto pola Lingua.

Así, mediante este acordo, o Goberno galego aporta 30.000 € para colaborar ata 2028 con este estudo que ten o obxectivo de profundar na monitorización das buscas na rede de termos en lingua galega, xa que isto afecta directamente ao lugar que ocupa o idioma no ámbito de internet. A proposta chega despois de constatar que desde o 2022 os contidos en linguas consideradas minoritarias perderon visibilidade nos buscadores, o que levou a que PuntoGal iniciara unha investigación sobre a penalización no posicionamento realizado polo algoritmo do buscador máis usado, Google.

O traballo concretouse nun primeiro documento de análise e un proxecto piloto de monitorización que se complementou con reunións iniciais con expertos en posicionamento en buscadores que tiveron lugar no Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela, e no marco do CulturGal en Pontevedra, co apoio da Xunta.

Para este novo proxecto que se desenvolverá ao abeiro deste convenio, estipulouse que PuntoGal levará a cabo un control para obter as 50 primeiras posicións de busca de cada palabra clave indicada e que se realizará desde localizacións xeográficas distintas. Ademais, inclúe de novo xuntanzas de traballo con expertos en SEO (posicionamento en buscadores) para constituír unha comunidade ao redor deste tema e desenvolver accións concretas como a creación dunha base de datos de control e almacenaxe da información recollida, a publicación de informes anuais ou a organización dunha xornada sobre optimización de buscas en galego. Tamén incorporará o seguimento e o impacto das buscas coa intelixencia artificial, tanto en Google como noutros portais.

#### Sobre PuntoGal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Puntogal é a entidade xestora do dominio galego *.gal* desde 2014, unha organización sen ánimo de lucro establecida en Galicia que, ademais de ter atribuída a xestión dos nomes de dominio baixo este indicativo, realiza outras funcións como o desenvolvemento de iniciativas a prol da lingua e a cultura galegas en distintos ámbitos sociais, culturais e tecnolóxicos. Unha destas accións é a realización de estudos e informes sobre o posicionamento do idioma no ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación co apoio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS CUNHA ACHEGA DE 150.000€ PARA ESTUDOS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL**

- O Consello dá luz verde ao convenio para o desenvolvemento destas accións no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento durante os tres vindeiros anos
- A achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dá continuidade a traballos sobre patrimonio e identidade en Galicia e relacións de poder desde a Idade Media
- Posibilitará o reforzo dunha nova liña de investigación integral das paisaxes e a súa relación co territorio, o patrimonio e o turismo

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para continuar e impulsar estudos de protección e difusión do patrimonio cultural que desenvolve o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, cun importe total de 150.000 euros desde este mesmo 2026 e ata o 2028.

Esta colaboración de tres anos vai permitir darlle continuidade a dous traballos de investigación sobre o patrimonio e identidade en Galicia e de relacións de poder desde a Idade Media. Precisamente, con esta nova liña de apoio, este último estudo centrarase principalmente nos séculos XIII e XVII. En concreto, vaise focalizar en contribuír á correcta identificación e axeitada contextualización de parcelas consideradas de importante relevancia no eido do patrimonio cultural galego.

En canto á liña de investigacións sobre patrimonio e identidades en Galicia, o obxecto destas pescudas é permitir un avance nestes eidos que redunde nunha maior e mellor protección, conservación e difusión do Patrimonio Cultural de Galicia como bens de carácter singular para a súa posible inclusión nas distintas categorías de protección que recolle a Lei de patrimonio de Galicia de 2016.

#### **Investigacións sobre paisaxes**

Ademais, esta nova achega da Xunta tamén vai permitir reforzar unha nova liña de campo de estudo e divulgación sobre paisaxes, colectivos e institucións culturais de Galicia. Con esta investigación procúrase profundar no coñecemento científico e integral da paisaxe e a súa relación co propio territorio, o patrimonio e o turismo.

Cómpre salientar que esta colaboración enmárcase na folla de ruta do Goberno galego para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. Neste caso, apoiando a actividade das institucións que levan a cabo estas investigacións, como o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, centro de investigación de carácter mixto de titularidade compartida entre o CSIC e a Xunta de Galicia. Esta entidade céntrase na análise do patrimonio e o seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia e dos galegos desde os séculos medievais ata a actualidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA AVANZA NUNHA NOVA VÍA PIONEIRA DE FORMACIÓN E EMPREGO A TRAVÉS DA COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA CUN PILOTO COA FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN**

- O Consello da Xunta aprobou un convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Laboral da Construcción de preto de 1,9 M€ que permitirá beneficiar 80 persoas para a incorporación de novo talento a este eido estratéxico
- A actuación desenvolverase en Arteixo, O Carballiño, Sanxenxo e Santiago de Compostela, combinando durante nove meses formación teórica e principalmente práctica nas propias empresas, a través de traballos de interese para cada contorna
- Ademais, esta iniciativa busca facilitar que o alumnado acceda a un contrato laboral a xornada completa en empresas do sector nos dous meses posteriores á finalización do itinerario, con incentivos á Fundación Laboral de 1.500 euros por cada un
- Esta medida enmárcase na aposta do Executivo galego por un modelo de formación máis flexible, especializado e conectado coa realidade de cada territorio con programas deseñados directamente cos sectores estratéxicos e coas empresas
- Neste contexto, recentemente asinouse tamén un convenio coa Mancomunidade de Montes de Vigo, centrado na prevención e recuperación de áreas afectadas polos incendios, no que participan 15 persoas

A Xunta avanza cara a un modelo pioneiro de formación máis flexible, especializado e conectado coa realidade económica de cada territorio -frente a esquemas máis ríxidos ou alleos ás necesidades concretas do tecido produtivo- coa aposta por programas deseñados directamente cos sectores estratéxicos e coas empresas, incorporando ás asociacións patronais como aliadas clave para identificar perfís profesionais, adaptar os contidos formativos e favorecer a inserción laboral efectiva das persoas participantes.

Neste marco, o Consello aprobou hoxe o convenio *RenÓbrate* entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Laboral da Construcción para poñer en marcha un programa novidoso que combinará formación teórico-práctica en empresas do sector con actuacións de mellora de espazos e dotacións públicas de interese comunitario, favorecendo tamén a posterior inserción laboral das persoas participantes nas propias empresas. A iniciativa contará cun investimento autonómico de 1.890.208 euros en 2026 e 2027 e desenvolverase ao longo de nove meses nos concellos de Arteixo, O Carballiño, Sanxenxo e Santiago de Compostela —a través do Consorcio de Santiago— coa participación dun total de 80 persoas desempregadas, 20 en cada contorna.

Este tipo de enfoque novidoso permite superar modelos formativos estandarizados en exceso para avanzar cara a unha formación útil, práctica e orientada ao emprego real, na que a capacitación se diseña desde as necesidades das empresas galegas e co obxectivo prioritario de mellorar a empregabilidade e de facilitar contratacións estables no tempo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio *RenÓbrate* dá continuidade ao recentemente asinado coa Mancomunidade de Montes de Vigo –orientado, neste caso, á prevención e recuperación de terreos afectados polos incendios nos montes periurbanos vigueses– e reforza deste xeito o novo modelo piloto de xestión dos programas mixtos de formación e emprego impulsado pola Xunta, complementario á convocatoria de obradoiros para os concellos.

### **Desenvolvemento do programa**

O programa iníciarase previsiblemente no mes de xullo e desenvolverase ao longo de nove meses, combinando formación teórica e, principalmente, práctica –cunha porcentaxe preferente do 65 %– no ámbito das familias profesionais de edificación e obra civil, en tarefas de demolición, revestimento, tabiquería ou pavimentación, entre outras. A iniciativa aposta por un modelo formativo máis flexible e especializado, non vinculado a un itinerario regrado, senón conectado coa actividade real que desenvolverá o alumnado nas empresas, para mellorar as súas oportunidades de inserción laboral.

Neste sentido, o convenio pretende facilitar a inserción laboral do alumnado-traballador participante no prazo máximo de dous meses desde a finalización do programa, mediante contratos a xornada completa en empresas do sector, vinculados ás materias impartidas e ao ámbito territorial de Galicia, establecéndose un incentivo de 1.500 euros por cada inserción acadada.

Ademais, a iniciativa dá resposta ás necesidades de talento dun sector estratéxico como o da construción, que afronta importantes retos de vacantes e remuda xeracional e no que se estima necesaria a incorporación de arredor de 3.500 persoas traballadoras ao ano na próxima década. A selección das persoas participantes realizarase mediante un procedemento específico xunto co Servizo Público de Emprego de Galicia e coa colaboración das entidades locais. Así, o programa terá en conta o perfil das persoas participantes e a demanda do tecido produtivo, co obxectivo de avanzar cara a un modelo máis flexible e conectado coa realidade laboral, complementando os itinerarios tradicionais cunha aprendizaxe vinculada ao traballo efectivo en cada contorna.

### **Renovación dos programas mixtos de emprego**

Este novo modelo de colaboración público-privada complementa as distintas liñas de programas mixtos de emprego impulsadas pola Xunta en colaboración coas entidades locais, como os renovados programas de formación e emprego para a mocidade Talento Mozo ou os obradoiros duais de emprego, dos que neste 2026 se prevé a posta en marcha de preto de 100 novos proxectos dirixidos a case 2.000 persoas desempregadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ LUZ VERDE AOS CONVENIOS COAS CONFRARÍAS DE MUROS E VILAXOÁN POR PRETO DE 560.000 € PARA A RESTAURACIÓN MARISQUEIRA**

- O Consello autorizou hoxe estes dous acordos, que se engaden ao asinado a pasada semana coa entidade de Noia dentro do investimento extraordinario de 22,7 M€
- Os convenios aseguran unha fonte de ingresos para as profesionais do sector mentres executan tarefas de recuperación nos seus areais
- Os proxectos aprobados abarcan a sementeira de máis de medio millón de unidades de ameixa, xunto coa limpeza de fondos e o control de depredadores

A Xunta de Galicia continúa apoiando os traballos de recuperación dos bancos marisqueiros galegos tras a mortalidade causada pola baixada da salinidade provocada polos temporais de principios de ano. O Consello autorizou hoxe a sinatura de dous novos convenios de colaboración coas confrarías de pescadores de Muros e de Vilaxoán, que suman un investimento conxunto de case 560.000 euros. Estes acordos engádense ao asinado a pasada semana coa entidade de Noia, integrándose dentro do investimento extraordinario de 22,7 millóns de euros impulsado polo Goberno galego para este fin.

Estes dous novos convenios permitirán desenvolver tarefas de restauración ambiental e de zonas de produción marisqueira, compensado o labor das persoas mariscadoras que participen nos traballos con ata 700 euros mensuais, que se corresponden co salario mínimo interprofesional (SMI) para os traballadores eventuais. O obxectivo é asegurar unha alternativa económica ás profesionais afectadas polo cese de actividade mentres traballan directamente en recuperar os hábitats de especies estratéxicas de bivalvos.

O convenio coa Confraría de Muros recolle a partida económica que solicitou a entidade para realizar os traballos de recuperación necesarios nos seus bancos e conta cun orzamento de 352.403,10 euros. O plan desenvolverase nas zonas produtivas da praia do Castelo e a enseada de Esteiro. Segundo trasladou a confraría, recolle a participación progresiva de ata 71 profesionais que levarán a cabo o acondicionamento manual do substrato en case 66.000 metros cadrados e a retirada de restos orgánicos e lixo mariño. Así mesmo, sementaranse máis de 136.300 unidades de ameixa babosa na praia de Esteiro e realizaranse accións formativas, como a identificación de especies exóticas invasoras.

Pola súa banda, o acordo coa Confraría de Vilaxoán tamén recolle o importe solicitado, que ascende a 206.479,71 euros, para actuar na zona comprendida entre o regato Aduana e a punta do Ferrazo, abarcando bancos marisqueiros como Corón ou Parques do Rial. Coa participación de ata 21 persoas, procederase a descompactar o substrato mediante un arado remolcado e executaranse labores de control de depredadores e competidores. O plan inclúe ademais a sementeira de 400.000 unidades de ameixa en Parques do Rial e a retirada de residuos nunha área de case 168.000 metros cadrados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITA POR 4,5 M€ O SERVIZO DE VIXILANCIA NOS SETE PORTOS COMERCIAIS AUTONÓMICOS**

- O contrato terá unha duración de catro anos e enmárcase no cumprimento do Código internacional de seguridade PBIP, xurdido a raíz dos atentados do 11-S
- Inclúe o control presencial dos accesos aos peiraos de Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Brens-Cee, A Pobra do Caramiñal e Ribeira

Portos de Galicia iniciou esta mañá o procedemento de licitación pública do servizo de vixilancia integral e control de accesos nas instalacións portuarias autonómicas comerciais cun orzamento base de 4,5 millóns de euros. A licitación, da que se deu conta no Consello da Xunta, terá un prazo de vixencia de catro anos.

O servizo prevé a vixilancia integral e control de accesos nas instalacións portuarias dependentes do ente público que están suxeitas á aplicación do código internacional de seguridade PBIP xurdido á raíz dos atentados do 11-S para a protección dos buques e das instalacións portuarias fronte á ameaza de sucesos ou actos ilícitos deliberados que afecten á protección marítima. A contratación inclúe tamén o subministro e mantemento dos equipos necesarios para levar a cabo esta tarefa.

Os portos suxeitos ao código PBIP son os comerciais, dedicados á carga e descarga de mercadorías. No sistema portuario autonómico existen 7 portos con actividade comercial que serán, polo tanto, os beneficiarios deste contrato, a saber: Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Brens-Cee, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.

No obxecto do contrato están incluídos o servizo de vixilancia xeral e control presencial nos accesos ás dársenas comerciais; a subministración con reposición ou nova instalación de elementos, equipos e sistemas de seguridade; o mantemento dos equipos e sistemas e o servizo de verificación de alarmas. Este servizo dá cumprimento á normativa internacional de seguridade no transporte comercial de mercadorías e reforza o control sobre o persoal, a frota e as mercadorías a través de persoal especializado e equipos e sistemas tecnolóxicos avanzados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA UN PROGRAMA PIONEIRO EN GALICIA PARA PROMOVER A SEPARACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS ENTRE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS CON VIVENDA COMPARTIDA**

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático destinará máis de 116.000 € a poñer en marcha este piloto, centrado nun colectivo de gran relevancia por atoparse nun momento vital de adquisición de hábitos propios de consumo e convivencia
- A iniciativa desenvolverase durante o vindeiro curso escolar e con ela prevese chegar a arredor de 250 vivendas e uns 1.000 estudantes da Universidade de Santiago
- O programa combinará formación práctica aos participantes, entrega de material específico para a separación do lixo en orixe e retos participativos para o fomento de hábitos sostibles no día a día, ademais de poñer á súa disposición unha plataforma dixital con contidos prácticos e actividades para probar o seu grao de implicación
- Aínda que se busca un impacto directo no ámbito universitario, a experiencia permitirá comprobar a efectividade práctica de novas fórmulas de sensibilización ambiental e avaliar posibles aplicacións a futuro noutros colectivos e zonas de Galicia

A Xunta promoverá a posta en marcha dun programa pioneiro en Galicia de concienciación e cambio de hábitos en materia de xestión de residuos domésticos dirixido a alumnado da Universidade de Santiago que resida en vivendas compartidas, co dobre obxectivo de avanzar na mellora da separación en orixe do lixo e de reforzar a implicación cidadá na transición cara a un modelo de economía circular que alongue a vida útil dos produtos.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático será a encargada de impulsar este programa de sensibilización ambiental de carácter innovador, xa que busca modificar e promover hábitos cotiáns facendo partícipes de forma directa aos propios cidadáns. Neste caso, a iniciativa centrarase de forma específica en estudantes universitarios con vivenda compartida, un colectivo identificado como de especial relevancia por atoparse nun momento vital de adquisición de hábitos propios de consumo e convivencia e por ter un elevado potencial de continuidade e efecto multiplicador sobre o conxunto da sociedade.

De feito, a través de distintas medidas buscarase trasladar a reciclaxe e a economía circular ao día a día do alumnado seleccionado, promovendo hábitos prácticos, rutineiros e sinxelos vinculados á correcta separación dos residuos dentro das súas propias vivendas.

Cun orzamento de algo máis de 116.000 euros para o deseño e execución das actuacións, o programa piloto desenvolveranse por un período de 12 meses e con el prevese alcanzar o próximo curso escolar unhas 250 vivendas participantes e arredor de 1.000 estudantes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con tal fin, o plan estruturarase en distintas fases, combinando accións de sensibilización, acompañamento e participación activa dos estudantes. Nunha primeira etapa realizarase o deseño e planificación, o que implicará o establecemento de alianzas con entidades colaboradoras (Universidade de Santiago, inmobiliarias ou asociacións estudiantís, entre outras) así como a definición dos criterios de participación e a elaboración dos materiais necesarios. Este labor complementarase cunha estratexia de captación entre o alumnado da USC e de comunicación e difusión para dar a coñecer o programa.

Para o correcto desenvolvemento do proxecto, promoverase o contacto directo coas persoas participantes, que recibirán materiais prácticos para facilitar a separación de residuos nas súas casas, como caldeiros, bolsas reutilizables, adhesivos identificativos ou pequenas guías de apoio á reciclaxe. Tamén se prevén accións formativas, retos e dinámicas participativas arredor da xestión dos distintos tipos de refugallos, así como un sistema de acompañamento continuo para manter a implicación do alumnado participante ao longo de todo o curso universitario.

Ademais, habilitarase unha plataforma dixital específica desde a que se poderán realizar inscricións, acceder a contidos prácticos, participar en actividades e facer seguimento da implicación das vivendas adheridas. Por último, impulsaranse accións de dinamización en redes sociais e iniciativas de recoñecemento e recompensas para aqueles participantes máis involucrados e para as vivendas que demostren máis implicadas e participativas.

### **Aposta pola sensibilización social**

Con esta actuación, a Xunta aposta por un modelo de sensibilización máis práctico, próximo e participativo, orientado a xerar cambios reais de comportamento e a converter á mocidade nun axente activo da transición cara a unha Galicia circular e sostible. Neste sentido e ademais do impacto directo esperado sobre os hábitos de separación no ámbito universitario, esta experiencia piloto permitirá obter coñecemento práctico sobre novas fórmulas de intervención en materia de sensibilización ambiental, avaliando a súa posible aplicación a futuro noutros colectivos e ámbitos territoriais da Comunidade.

Ademais, a experiencia demostra que a mellora da reciclaxe non depende só das infraestruturas existentes, senón que tamén resulta imprescindible reforzar a implicación da cidadanía neste eido e consolidar hábitos correctos de separación nos fogares.

Neste contexto, precisamente, xorde a iniciativa piloto de concienciación en materia de xestión de residuos dirixida a estudantes que comezan a vivir de forma independente pero tamén outras medidas impulsadas desde a Xunta co obxectivo de lograr unha maior implicación cidadá á hora de reducir a produción de refugallos, mellorar o seu tratamento e xestión ou darlles unha segunda vida a través da preparación para a reutilización.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático está a desenvolver este ano unha estratexia de formación e sensibilización social en materia de residuos, cun orzamento total de 1,8 millóns de euros e que porá o foco, sobre todo, en colectivos chamados a xogar un papel clave no impulso da economía circular e na transición cara a un modelo máis consciente e responsable en Galicia.

En concreto, a planificación deseñada inclúe campañas de divulgación específicas e accións puntuais de impacto dirixidas á comunidade educativa, con especial atención ao alumnado e profesorado dos centros de educación primaria; a usuarios e titulares de comercios locais, e, por último, á cidadanía en xeral.

Ademais, tamén acaba de adxudicar o deseño e desenvolvemento dun novo programa educativo que durante o primeiro trimestre do curso que vén buscará formar, sensibilizar e implicar de forma activa á comunidade escolar de 250 colexios galegos na transición cara a unha economía circular e na mellora da xestión dos residuos, promovendo entre o alumnado hábitos responsables e, por extensión, entre o profesorado e as súas familias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA CREAR O PRIMEIRO CONSELLO GALEGO DE PERSOAS MAIORES

- Funcionará como un órgano colexiado de carácter consultivo, de participación e de asesoramento nas materias que afecten a este colectivo
- Analizará e realizará propostas de actuación, promoverá estudos e reforzará a colaboración institucional
- Ademais, traballará na elaboración do primeiro Estatuto das persoas maiores

O Consello da Xunta de hoxe autorizou iniciar a tramitación do anteproxecto de decreto polo que se crea e regula o Consello Galego de Persoas Maiores, como órgano colexiado de carácter consultivo, de participación e de asesoramento nas materias que afecten a este colectivo.

A través deste consello asesor, poderanse analizar propostas, formular recomendacións, coñecer proxectos e actuacións que afecten ás persoas maiores, así como promover estudos e iniciativas e reforzar a colaboración institucional. O obxectivo é avanzar cara ás políticas públicas máis participativas, próximas e que dean resposta ás novas necesidades que poidan xurdir no ámbito das persoas maiores.

Así mesmo, outra das funcións deste Consello será a elaboración do que será o primeiro Estatuto das persoas maiores, co que Galicia será de novo pioneira en España ao dotarse dun marco legal deste tipo para garantirlles aspectos elementais como a protección dos seus dereitos e a súa dignidade.

En canto á súa composición, contará con representantes da Administración autonómica, dos centros residenciais, das persoas usuarias dos centros sociocomunitarios, das asociacións e federacións das persoas maiores, das deputacións provinciais e das universidades galegas.

Unha vez informado o Consello da Xunta, abrirase agora a consulta pública previa o anteproxecto e darase un prazo de 15 días para que as persoas e as entidades que o desexen presenten as súas propostas. A previsión é que o Consello Galego de Persoas Maiores estea plenamente operativo este mesmo ano.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA EQUIPARA O FUTURO CENTRO GALEGO DE ARTES DIXITAIS CON 1,5 M€ PROCEDENTES DE FONDOS DA UE

- O Consello da Xunta dá o seu o visto e praxe ao proxecto para adquirir, vía licitacións públicas, a tecnoloxía que permitirá pór en marcha este equipamento
- A nova infraestrutura, situada na Cidade da Cultura, abrirá as súas portas no segundo semestre do Xacobeo 2027
- O apoio comunitario permitirá dotar o centro dun equipamento de vangarda que situará Galicia nunha posición de liderado en España no eido da creación dixital

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao proxecto para equipar con financiamento procedente da Unión Europea o Centro Galego de Artes Dixitais, que se está a construír na Cidade da Cultura de Galicia e que abrirá as súas portas no segundo semestre do Xacobeo 2027.

Grazas á colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Fundación Cidade da Cultura, o Goberno galego destinou 1,5 millóns de euros procedentes dos fondos Feder para a adquisición —a través de procesos de contratación pública— da tecnoloxía que se precisa para pór en marcha este novo equipamento. Deste xeito, o financiamento comunitario cobre o 60 % do proxecto, de xeito que o investimento total alcanza os 2,5 millóns de euros distribuídos entre 2026 e 2027 coa aportación dun millón de euros por parte do Goberno galego.

O Centro Galego de Artes Dixitais representa a primeira e única infraestrutura desta natureza coa que contará Galicia, e situará a nosa Comunidade nunha posición de liderado no eido da creación dixital en España.

Para a materialización deste equipamento non foi necesaria a construción dun edificio novo xa que a Xunta de Galicia adaptou un espazo xa existente e en desuso na Cidade da Cultura, os aparcadoiros subterráneos do que inicialmente ía ser o Teatro da Música — un dos edificios non rematados do proxecto orixinal do Gaiás—.

Actualmente xa se remataron os traballos de adecuación do espazo e estanse a levar a cabo actuacións para finalizar a cuberta exterior, asegurando unha integración coa arquitectura singular do complexo. A seguinte fase será a adquisición da tecnoloxía, mediante procedementos de contratación pública.

O Centro contará con tecnoloxía punta no eido das experiencias inmersivas e da realidade virtual e aumentada, así como con sistemas de son envolventes e instalacións audiovisuais de última xeración. En definitiva, un amplo abano de tecnoloxías dixitais que lle permitirán non só ofrecer, senón desenvolver contidos de calidade, operando como un novo atractivo turístico, pero tamén como un catalizador que impulse a innovación cultural, a creación contemporánea e a formación da comunidade educativa

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA ESTA SEMANA DUNHA NOVA EDICIÓN DOS BONOS ACTIVA COMERCIO DOTADA CON 2,5 M€ E QUE INCORPORA COMO NOVIDADE UN SORTEO NAS REDES SOCIAIS**

- O Consello do Goberno galego analizou un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a primeira convocatoria de axudas deste ano, dotada con 2,5 M€ e que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*
- Alfonso Rueda explica que os cidadáns poderán descargar un bono desconto de ata 30 euros a partir deste mércores 27 de maio para utilizar nas tendas adheridas ata o esgotamento do mesmo ou do orzamento global do crédito da convocatoria
- Como principal novidade, habilitarase un sorteo complementario a través das contas oficiais da Xunta en TikTok e Instagram de catro bonos adicionais por importe de 250 euros para gastar nos comercios adheridos
- Pola súa banda, o prazo de adhesión dos establecementos interesados permanece aberto desde o pasado 27 de marzo e supera xa os 4.470 negocios en toda Galicia
- En total, o Goberno galego ten previsto destinar inicialmente 5 M€ durante este ano a esta campaña pioneira, buscando revalidar o éxito da iniciativa que desde 2021 xa leva mobilizados máis de 122 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a primeira edición dos bonos Activa Comercio de 2026, co obxectivo de consolidar esta medida como unha ferramenta "de éxito" e que resulta clave para incentivar as vendas e reforzar o vencello da cidadanía co comercio de proximidade. A iniciativa, cuxo informe coñeceu hoxe o Consello da man da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, "contará cun orzamento de 2,5 M€ e a previsión é mobilizar arredor de 8,5 M€ en vendas", sinalou. As bases para as persoas usuarias publicaranse mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), co fin de que poidan descargar os bonos a partir deste mércores 27 de maio.

Ademais, como principal novidade desta convocatoria, organizarase un sorteo complementario nas redes sociais da Xunta que permitirá ás persoas usuarias dos bonos optar a catro premios adicionais de 250 euros para gastar nun ou varios comercios adheridos á campaña. Esta acción contribuirá a poñer en valor a experiencia de compra nos establecementos e a reforzar a fidelización da clientela.

En total, o Goberno galego ten previsto destinar inicialmente 5 M€ en 2026 a esta campaña. Ao igual que en 2025, este ano a adhesión dos establecementos —aberta desde o 27 de marzo e que suma xa 4.470 negocios— realizarase nun único procedemento para todas as edicións, avanzando así na simplificación administrativa. O éxito das edicións anteriores avala a continuidade desta medida, que o ano pasado conseguiu mobilizar máis de 22,3 M€ en máis de 7.400 establecementos de proximidade, superándose xa os "122 M€ en vendas xeradas desde a primeira edición en 2021".

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Funcionamento da campaña**

A partir deste mércores 27 de maio ás 9,00 horas, as persoas consumidoras interesadas poderán “descargar un bono desconto de ata 30 euros por beneficiario” na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) para empregalo directamente na adquisición de produtos nos comercios adheridos, que poderán seguir sumándose á campaña ata o esgotamento do crédito da convocatoria. Os bonos están pensados para fomentar o consumo no momento da compra, favorecendo así a dinamización inmediata do comercio local.

Os bonos terán formato dixital QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, ás compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalles un desconto de 5 euros, mentres que nas compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50 euros o desconto será de 10 euros. A partir desta contía, o desconto alcanzará os 15 euros. Como en anteriores ocasións, cada persoa poderá descargar un único bono nesta primeira edición. Non hai límite de usuarios pero unha vez esgotado o crédito total de 2,5 M€, os bonos descargados xa non se poderán utilizar, mesmo aínda que non se teñan consumido na súa totalidade. Ademais, co fin de incrementar as vendas, establécese a incompatibilidade dos bonos Activa Comercio con calquera outra axuda destinada á mesma actuación subvencionable dentro dunha mesma compra.

### **Acción de dinamización nas redes sociais**

Como elemento de dinamización da campaña deste ano, habilítase un sorteo a través das contas oficiais da Xunta en TikTok e Instagram, dirixido ás persoas usuarias dos bonos Activa Comercio que realicen compras no marco do programa, co obxectivo de contribuír a dar maior visibilidade ao comercio local.

O sorteo consistirá na adxudicación de catro bonos adicionais por importe de 250 euros cada un, en formato dixital mediante código QR, que poderán utilizarse nos establecementos adheridos cun prazo de validez dunha semana. A participación estará vinculada á realización dunha compra con bono nun comercio adherido e á interacción coas publicacións oficiais da campaña nas redes sociais, segundo as condicións establecidas na convocatoria que se publica mañá no DOG.

### **Medidas para revitalizar o comercio local**

Os bonos Activa Comercio son unha das medidas previstas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para revitalizar os establecementos de proximidade, incrementar a competitividade do sector e incentivar o consumo local. Esta iniciativa súmase, entre outras actuacións, aos apoios destinados á transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal (4 M€), á potenciación das prazas de abastos como Mercados Excelentes (preto de 2,3 M€) e ás accións de dinamización dos centros comerciais abertos (2,5 M€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A ÚLTIMA CONVOCATORIA DO LEADER TIVO PRETO DE MIL SOLICITUDES DE AXUDA QUE MOBILIZARÁN MÁIS DE 140 M€ NO DESENVOLVEMENTO DO RURAL GALEGO**

- O número de solicitudes recibidas para optar aos fondos desta intervención, que xestiona a Consellería do Medio Rural en colaboración cos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) da nosa comunidade, é o maior da historia, así como tamén o investimento
- A de 2026 é a convocatoria con máis orzamento das realizadas ata o de agora, con 28,7 M€, e o seu carácter trianual ofrece un maior prazo para a execución dos proxectos
- Nos últimos 35 anos -desde a súa posta en marcha- a través do Leader mobilizáronse un total de 1.000 millóns de euros na nosa comunidade, apoiando 8.000 proxectos, consolidando 7.300 empregos e creando outros 5.300
- A maiores, tamén relativas ao desenvolvemento rural, resolvéronse as axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas deste 2026, que benefician un total de 41 proxectos cunha axuda pública de 2,1 M€
- Con estes fondos, as empresas beneficiarias consolidarán 474 postos de traballo e comprometen a creación de 39 novos empregos

A convocatoria de 2026 da intervención Leader, que xestiona a Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en colaboración cos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) da nosa comunidade, contou cun total de 984 solicitudes de axuda, o que supón a maior cantidade da historia desta medida. O investimento mobilizado por estes case mil proxectos supera os 140,7 millóns de euros, dos cales a maior parte (110,5 M€) corresponden a proxectos produtivos (o 78,5 % do total).

Así se recolle nun informe do que tomou hoxe razón o Consello do Goberno galego e que certifica a importancia da medida Leader para o desenvolvemento rural de Galicia. Neste sentido, cómpre lembrar que a convocatoria de 2026 conta cun orzamento de 28,7 millóns de euros, sendo a de maior dotación de todas as realizadas ata o de agora. É unha convocatoria a tres anos (2026, 2027 e 2028), o que ofrece maior prazo para a execución dos proxectos.

**Proxectos produtivos e de interese social**

As axudas do Leader son tanto para proxectos produtivos xeradores de emprego como para iniciativas non produtivas de interese social. No primeiro caso, nesta última convocatoria presentáronse 566 solicitudes, mentres que para proxectos non produtivos foron 428. Destes últimos, aproximadamente a metade corresponde a entidades públicas locais, e o resto a entidades privadas.

Por provincias, das case mil solicitudes recibidas, que se atopan actualmente en proceso de resolución, un total de 280 corresponden á Coruña; 227 a Lugo; 253 a Ourense e 224 a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pontevedra. No ámbito das iniciativas produtivas, 150 son solicitudes de investimento en establecementos turísticos e en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería. Cómpre salientar que todos os GDR recibiron solicitudes de axuda de proxectos do eido turístico, o que confirma o interese empresarial por este ámbito.

### **35 anos de Leader e máis de 12.000 empregos**

Ao abeiro do Plan estratéxico da PAC (PEPAC 2023-2027) publicáronse dúas convocatorias da medida Leader: a última foi esta de 2026, que se atopa en fase de resolución, e a primeira correspondeu a 2025, que tivo carácter bianual e saíu por un importe de 12,6 millóns de euros. Con estes fondos atendéronse un total de 346 solicitudes, que supón a creación de 175 empregos e a consolidación doutros 755.

O balance histórico da intervención Leader contén datos moi relevantes, tras algo máis de tres décadas de traxectoria. Así, nos últimos 35 anos -desde a súa posta en marcha- mobilizáronse un total de 1.000 millóns de euros na nosa comunidade por medio desta medida. O financiamento mobilizado polo programa permitiu apoiar 8.000 proxectos, consolidar 7.300 empregos e crear outros 5.300.

### **Axudas para actividades non agrícolas**

Neste mesmo contexto, resolveu a convocatoria de 2026 das axudas para actividades non agrícolas, tamén ligadas ao fomento do desenvolvemento rural. Un total de 41 proxectos terán dereito a estas subvencións, cun total de axuda pública de 2,1 millóns de euros, o que supón a mobilización dun investimento de arredor de 5,2 millóns de euros.

Con estes fondos, as empresas beneficiarias consolidan 474 postos de traballo e comprometen a creación de 39 novos empregos. Os beneficiarios teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2026 para executar os investimentos subvencionados. Ao abeiro destas achegas, son subvencionables persoas físicas e pequenas empresas situadas en zonas rurais, así como titulares dunha explotación agraria que desenvolvan un proxecto de diversificación cara actividades non agrícolas na propia explotación. Quedan excluídos os proxectos inherentes á produción primaria, tanto de produtos agrícolas e gandeiros como da pesca e da acuicultura.

Facendo un balance histórico destas subvencións, na última década houbo 547 empresas galegas beneficiarias, cunha axuda total de máis de 23 millóns de euros. Estes fondos permitiron crear case 500 empregos e consolidar máis de 4.320 postos de traballo na nosa comunidade autónoma.